



Iniciativas Culturais e Deportivas Universitarias (INCUDE)

Centro Universitario de Riazor

Rúa Almirante Lángara, s/n

15011 A Coruña

incude@udc.es

Iniciativas Culturais e Deportivas Universitarias (en adiante INCUDE) é unha asociación de estudantes da Universidade da Coruña adicada ao fomento e realización de actividades culturais e deportivas cidade da Coruña dirixidas especialmente á comunidade universitaria.

Obxecto

INCUDE presenta unhas axudas dirixidas a estudantes universitarios que estean buscando piso na cidade da Coruña e que queiran obter unha experiencia gratificante compartindo un apartamento con outros estudantes universitarios, ademais de participar en actividades de relacionadas co xadrez. INCUDE só pode garantir axudas para os meses de setembro a decembro aínda que pretendemos seguir todo o curso con máis axudas.

Contía das axudas

INCUDE aportará unha contía total de 800 eurose e o Club de Iniciativas Deportivas e Universitarias (CIDU) aportará 400 euros para sufragar os gastos relacionados co aluguer do piso.

Réxime de desenvolvemento

INCUDE firmará o contrato de aluguer como titular da relación xurídica e outro cos participantes. INCUDE pagará o aluguer coas axudas dispoñíbles máis a parte que corresponda aos estudantes, quen deberán entregar dita contía á asociación para o conseguinte pago.

Os 1200 euros serán utilizados para o pago do aluguer dos meses de setembro a decembro.

Ademais disto, os estudantes comprométense a participar en actividades de INCUDE e a apuntarse ao club de xadrez CIDU para xogar a Liga federada un mínimo de 6 xornadas.

Non será necesario ser socio de INCUDE para solicitar estas axudas aínda que se agradecerá. Nembargantes, pedirase aos beneficiarios facerse socios para acadar unha maior participación destes dentro da asociación.

Requisitos xerais

Poderán solicitar esta axuda aquelas persoas que estean ou vaian estar estudando nunha das facultades e escolas da UDC situadas na cidade da Coruña.

Forma de envío e prazo de presentación de solicitude

As solicitudes deberán ser enviadas ao enderezo electrónico incude@udc.es

O prazo para enviar a solicitude será do 20 de xullo ao 24 de xullo.

Documentación necesaria

-Copia do Documento Nacional de Identidade

-Currículo do estudante no que se detalle o nivel de formación, carreira universitaria na que está matriculado ou se vai matricular, e nivel de coñecementos no ámbito do xadrez. O currículo debe incluír tamén un enderezo electrónico e teléfono de contacto.

Protección de datos persoais

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado CANDIDATOS AXUDAS, do que o responsable do tratamento será INCUDE. A súa finalidade e usos previstos serán xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. Así mesmo autorízase á utilización do teléfono e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte de INCUDE. Os datos non serán cedidos a outras entidades. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ós datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer por medio dun escrito dirixido a INCUDE, Centro Universitario de Riazor, A Coruña, nos termos establecidos nos artigos 15,16 e 17 da devandita Lei Orgánica.

Os datos dos beneficiarios das axudas pasarán un novo ficheiro denominado FRATERNIDADE INCUDE para a xestión do aluguer do piso. Os inquilinos terán os mesmos dereitos e garantías sobre os seus datos que os descritos no anterior parágrafo.

Criterios de selección

Para a selección dos beneficiarios das axudas terase en conta o nivel de xadrez e mais a súa formación para un 65% de nota.

O 35% dependerá do tempo da estadía do estudante. Serán máis valorados aqueles estudantes que estén matriculados nos primeiros anos da súa carreira.

Resolución e publicación

A decisión tomada será anunciada na páxina web da asociación <http://incude.udc.es> o día 25 de xullo.

Aceptación das axudas

Os estudantes elixidos terán un prazo de 3 días contando dende o día seguinte ao da publicación para aceptar ou rexeitar a axuda. A ausencia de resposta será considerada como un rexeitamento desta.

En caso de que non queden todas as prazas aceptadas será publicada unha nova lista cos novos estudantes elixidos, que terán prazo de dous días contando dende o día seguinte ao da publicación da nova lista.

En caso de participación insuficiente INCUDE resérvase o dereito a anular o procedemento.

Busca do piso

A pesquisa do piso poderá ir por conta dos estudantes ou en colaboración con INCUDE. Antes do 2 de agosto deberá haber un piso elixido para todos os estudantes que perciben as axudas. En caso de imposibilidade dun acordo sobre cal será o apartamento, INCUDE terá dereito a anular as axudas.

Agradecementos

Este programa é posible grazas á axuda a programas de actividades estudiantís da Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura e mailo apoio de CIDU.